# Proxecto de dirección

## CEIP de Refoxos



Nuria Abuín Carou

## Contido

XUSTIFICACIÓN ..... 3
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO ..... 4
OBXECTIVOS, ANÁLISE DA SITUACIÓN, LIÑAS DE ACTUACIÓN E TEMPORALIZACIÓN ( ..... 5
INDICADORES DE AVALIACIÓN ..... 28
FORMACIÓN REALIZADA ..... 30
CONCLUSIÓN ..... 30

## XUSTIFICACIÓN

Á miña razón para presentarme ao cargo da dirección é devolver dalgunha maneira todo o que lle debo á nosa comunidade educativa por terme ofrecido tantas oportunidades de aprendizaxe a nivel profesional e persoal.

Estes 12 anos foron unha experiencia apaixonante que superou con creces as miñas expectativas. Neste tempo abrimos camiños novos e formar parte dos diferentes equipos docentes que pasaron polo centro foi unha honra para min. Cada compañeiro/a que tiven, cada situación "complicada" pola que pasamos, toda a formación que procurei, aportáronme uns coñecementos e capacidades que cando comecei aínda non desenvolvera e que agora coa experiencia que teño quero seguir poñendo ao servizo de toda a nosa comunidade educativa.

No noso colexio o traballo docente apoiouse sempre na idea común de que a aprendizaxe so é posible nun ambiente de traballo tranquilo e respectuoso cara todas as persoas. Valorar e coidar a convivencia, potenciar a ***integración e participación do alumnado e das familias*** e afondar no día a día nos conceptos de igualdade entre as persoas e de pertenza a unha comunidade foron uns dos meus obxectivos prioritarios.

Para conseguir todo iso temos a enorme sorte de que o noso entorno é practicamente todo galego falante. ***Valorizar a lingua galega*** como lingua propia, como contexto das primeiras aprendizaxes e medio de expresión habitual tanto a nivel persoal como institucional é un traballo que se ven facendo desde hai moitos anos. Nestes próximos anos comezaremos a dar os primeiros pasos na incorporación da aprendizaxe do castelán e do inglés dunha forma máis integrada e planificada..

Outra das nosas inquedanzas sempre foi poder ofrecer, tanto ás crianzas como ás familias, un ***punto de encontro*** onde puidesen ter acceso a todos os ***recursos documentais e TIC*** que propiciasen o gusto pola lectura e o coñecemento dunha realidade virtual que hai anos que se está a converter en imprescindible. Este curso a Consellería apoiounos e aceptou os nosos proxectos para entrar no PLAMBE e en EDIXGAL. A semente está plantada e con cada xuntanza de coordinación semanal medra un pouquiño máis coas ideas e aportacións de cada un/ha de nós.

As actividades relacionadas coa educación medioambiental forman parte tamén da nosa oferta escolar desde o comezo, de feito participamos no Proxecta "Escola verde" seguindo a liña de equipos docentes anteriores porque pensamos que a formación en ecoloxía e coidado da natureza é fundamental na formación da cidadanía do futuro dados os retos que se nos presentan. A miña intención é que siga sendo a "marca da casa" ampliando as actividades relacionadas coa ecoloxía, a loita contra os incendios forestais e o cambio climático e integrándoas no currículo como algo habitual.

## CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O noso centro é un colexio rural situado no ***concello de Oia***. A súa área de influencia abarca ás dúas parroquias do interior: *Loureza*, onde está situado o centro, e *Burgueira*.

As clases comezan ás nove da mañá e rematan ás dúas da tarde, constando o horario lectivo diario de 5 sesións de clase e un recreo de media hora.

O alumnado está agrupado do seguinte xeito:




O ***Claustro*** está formado por 4 docentes que son a un tempo persoas titoras e especialistas e pola persoa encargada da dirección que asume os tres cargos directivos e tamén imparte docencia e fai os apoios necesarios nas aulas en coordinación co departamento de Orientación..

O centro conta tamén cun ***orientador*** que ten o seu centro base no CRA María Zambrano do Rosal, unha mestra de AL que ten o seu centro base no CEIP Mestre Manuel García de Oia e unha mestra de relixión que ten o seu centro base no CEP Pedro Caselles Beltrán de Tomiño. Este profesorado traballa no colexio unha mañá por semana.

As ***xuntanzas de coordinación*** desenvólvense os martes de 15:30h a 16:30h, coa presencia do orientador unha vez ao mes, e a ***atención ás familias*** realízase a continuación de 16:30h a 17:30h.

O ***Consello Escolar*** está formado por dous docentes representantes do profesorado, unha persoa representante electa das familias, unha persoa representante da ANPA, unha persoa representante do concello e a dirección que actúa como presidenta. A coordinación entre os membros do Consello vai máis alá das xuntanzas que se convocan sempre que é necesario, xa que o intercambio de información e de propostas é continuo ao longo do curso a través de conversas practicamente semanais.

Outro axente colaborador importante, ademais do ***concello*** que está permanentemente dispoñible para calquera proposta de mellora das infraestruturas e de dinamización cultural e formativa para as crianzas e as súas familias, son as ***comunidades de montes de Loureza e de Burgueira.*** Ambas asociacións estiveron presentes na vida do colexio desde a súa inauguración en 1983 coorganizando plantacións de reforestación nos montes comunais, botando unha man sempre que foi necesario no mantemento da área da natureza (que é onde desenvolvemos as actividades do horto escolar), coordinándose co concello para ofrecer ás familias apoio nas súas demandas de mellora do colexio sempre que foi necesario, doando materias educativos… sendo en definitiva exemplo de vida en comunidade.

## OBXECTIVOS, ANÁLISE DA SITUACIÓN, LIÑAS DE ACTUACIÓN E TEMPORALIZACIÓN (

| ÁMBITO: | Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e impulso da participación neles dos diversos colectivos da comunidade educativa. | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Como se ven facendo | Liñas de actuación | Temporalización |
| **Impulsar a participación dos sectores da comunidade educativa.** | - Convocando ***xuntanzas conxuntas coas familias*** unha vez rematada a avaliación inicial do alumnado, nas que se informa sobre o funcionamento interno do centro destacando a importancia do Consello Escolar. | - Publicar as convocatorias do Consello Escolar na Web do centro para que as familias que o desexen poidan facer propostas a través das súas persoas representantes. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Preparar as reunións dos órganos colexiados e de coordinación docente.** | - Temporalizando ao comezo do curso as ***datas previstas dos Claustros obrigatorios do curso***.<br>- Convocando as xuntanzas que foron sendo necesarias cunha ***antelación mínima de tres días***. | - Temporalizar do mesmo xeito que os Claustros os Consellos Escolares obrigatorios e enviar as convocatorias e a documentación a tratar con máis antelación. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Executar e facer executar os acordos adoptados polos distintos órganos colexiados e de coordinación docente.** | - Incluíndo na orde do día das xuntanzas un apartado de ***Preguntas e propostas de mellora***. | - Formalizar o procedemento de revisión elaborando un documento de control que conteña os ítem a valorar e incluílo na seguinte orde do día. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Garantir a elaboración dos distintos documentos de organización e xestión do centro, implicando na súa elaboración os correspondentes sectores da comunidade educativa** | - Facilitando ***un borrador do documento a elaborar*** ás persoas convocadas para chegar á versión final durante as xuntanzas integrando as distintas aportacións. Dese xeito todos os documentos foron aprobados por unanimidade. | - Axilizar as xuntanzas insistindo na necesidade de que os membros leven preparadas as súas aportacións a cada documento a elaborar. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Propiciar a reflexión, o traballo en equipo e a avaliación da actividade do centro a través dos órganos correspondentes, dentro das competencias de cada órgano ou colectivo.** | - Lendo e aprobando as ***actas da xuntanza de avaliación do trimestre anterior*** no seguinte Claustro para facilitar a continuidade.<br>- Celebrando unha ***xuntanza mensual conxunta co orientador***.<br>- Fixando a ***temporalización das distintas conmemoracións*** ao comezo de cada trimestre.<br>- A***valiando conxuntamente*** cada actividade desenvolvida. | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| ÁMBITO: | **Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais** | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Como se ven facendo | Liñas de actuación | Temporalización |
| **Propiciar o clima de cooperación establecendo mecanismos que permitan a participación e integración das contribucións dos distintos colectivos na toma de decisións** | - Procurando ***manter o contacto*** polo menos unha vez ao mes ***cos membros do Consello Escolar*** manténdoos informados do dia a día do colexio. | - Convocar unha xuntanza de coordinación coa ANPA ao comezo de cada trimestre como forma de canalizar as aportacións das familias ás actividades e organización. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Presentar propostas de oferta educativa coherentes co contorno do centro e as necesidades formativas do alumnado.** | - ***Escola Verde***: Somos un dos dez centros de toda Galicia seleccionados para participar.<br>- ***Plan Revitaliza da Deputación***: o colexio conta co seu propio composteiro.<br>- ***Proxecto Deportivo de Centro:*** inclúe a participación nas competicións de deporte escolar do programa de deporte escolar ***Xogade.***<br>- ***Escolas Conectadas:*** programa do Ministerio | - Impartir a materia de matemáticas como se fose unha "especialidade" que será desenvolvida por unha única persoa docente durante toda a Primaria de forma que se garanta a continuidade na metodoloxía e na avaliación.<br>- Introducir o ***Xadrez*** como actividade en horario lectivo nunha das sesións de matemáticas utilizando os materiais | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | que permitiu contar con WIFI en todas as aulas.<br>- ***EDIXGAL***: plan de implantación da educación a través de medios dixitais en 5ºEP-6ºEP.<br>- ***PLAMBE*** : plan de mellora de bibliotecas escolares.<br>- ***Contratos Programa***: Mellora das competencias clave (matemática, comunicación lingüística, ciencia e tecnoloxía), Eduemociona e Promoción da actividade física en horario lectivo. | para crianzas facilitados pola Federación Galega de Xadrez (FEGXA) e incluíla no Proxecto Deportivo do centro.<br>- Seguir solicitando a participación nos programas que xa temos en marcha. | |
| **Realizar propostas de necesidades de recursos humanos adecuadas para cumprir os obxectivos do sistema educativo público con eficacia e eficiencia.** | - Recibir profesorado novo é sempre unha fonte de renovación e aprendizaxe que é imprescindible aproveitar, pero tamén é certo que nun curso ou dous so podes chegar a ver o esbozo de todas as posibilidades do traballo que estás a desenvolver e que cada primeiro trimestre é unha posta ao día das persoas que van chegando novas cando o desexable sería retomar o proxecto educativo e uns hábitos de traballo e coordinación xa establecidos onde se deixaron en xuño.<br>- | - Seguir solicitando unha persoa docente de PT e tamén que se aumente o horario da mestra de AL.<br>- Solicitar unha persoa docente de apoio para o grupo de infantil xa que está formado polos tres niveis, o curso que vén vai estar composto por 20 crianzas e vai contar con alumnado con necesidades educativas especiais. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Por ao servizo da comunidade educativa os recursos materiais do centro, dando resposta ás demandas existentes.** | - As instalacións escolares veñen sendo compartidas co ***concello,*** coa ***ANPA*** e con ***asociacións culturais*** da zona para a realización de actividades formativas, culturais e deportivas. | - Seguir ofrecendo a colaboración do colexio e o goce das súas instalacións para a organización de actividades que amplíen a oferta formativa, cultural e deportiva destinada á nosa comunidade. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Presentar criterios de utilización dos recursos económicos que son aceptados polo centro e executa en tempo e forma o orzamento económico aprobado polo órgano competente.** | - Os gastos do colexio realizáronse ***en empresas e comercios locais*** .<br>- ***Investiuse*** en elementos e infraestruturas ás que se lle poidan ***sacar partido a longo prazo***.<br>- Os ***presupostos*** recibidos para a realización de obras maiores foron levados ao Consello Escolar e ***a decisión sobre cal elixir tomouse de forma conxunta*** coas familias, o profesorado e o concello.<br>- Cada curso celebrouse no mes de xaneiro unha xuntanza de Claustro e outra de Consello Escolar para ***presentar o informe de xestión económica*** correspondente ao ano anterior. | - Continuar priorizando a actualización da biblioteca tanto desde o punto de vista organizativo como de equipamento e mobiliario.<br>- Mellorar os recursos TIC: equipos informáticos, conexión, cámaras Web… | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Dar resposta aos trámites e requirimentos** | - Neste momento ***temos actualizada a documentación fundamental***. | - Actualizar o ***Plan lingüístico***, e enriquecelo cun plan especifico para traballar as tres linguas obxecto de | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **administrativos que se lle trasladan e completar todos os documentos institucionais do centro en tempo e forma adecuados.** | | estudo de forma integrada.<br>- Revisar o ***Plan de igualdade*** como punto de partida para elaborar un ***Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero***. | ☐ Curso 2024-25 |
| **Exercer a xefatura do persoal supervisando o cumprimento das obrigas profesionais e tomar as decisións derivadas desas responsabilidades.** | - Exercer a xefatura do persoal significou para min ser coordinadora dun equipo de persoas que cando chegaban ao centro non se coñecían de nada. Significou caer na conta nas primeiras xuntanzas de que o importante era que fosen capaces de traballar xuntas de forma non so coordenada senón tamén complementaria, que cada persoa tivese a liberdade de aportar ao equipo o que mellor se lle daba facer.<br>- ***Falar con cada docente*** un pouquiño ao final da xornada para interesarme por como se desenvolvera a súa mañá nas aulas permitiume ***ter ao final da semana unha visión xeral*** do funcionamento dos distintos grupos a pé de aula e da relación do profesorado coas familias | - Mellorar a miña formación no ámbito da xestión de equipos de traballo. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |

| |
|---|
| despois das xuntanzas de titoría dos martes. |

| **ÁMBITO:** | **Organización de actividades extraescolares que favorezan a apertura do centro conectando este co seu contorno.** | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Como se ven facendo | Liñas de actuación | Temporalización |
| **Establecer canles e procedementos para incorporar as achegas de todos os sectores da comunidade educativa para actividades complementarias e extraescolares a través do proxecto educativo do centro.** | - ***Incluíuse pouco a pouco ás familias nas actividades complementarias*** con bastante éxito: andaina guiada no monte Aloia de Tui, visita á praia do Muiño da Guarda para facer unha limpeza de plásticos…<br>- A ***ANPA*** foi sempre un elemento clave á hora de organizar as actividades extraescolares.<br>- O ***concello*** propuxo todos os anos obradoiros e charlas tanto para o alumnado como para as súas familias nun dos trimestres de cada curso. | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Promover a organización e realización de actividades que** | - As xuntanzas semanais de coordinación intertitorial, as mensuais de coordinación do profesorado coa xefatura de orientación e as trimestrais de avaliación conxunta do alumnado | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **respondan ás necesidades dos alumnos, asegurar a súa planificación sistemática e a súa periódica actualización.** | tiveron por obxectivo principal a detección de necesidades a nivel grupal ou individual do alumnado. E o seu resultado foron ***actividades e intervencións adaptadas*** a cada circunstancia que en ocasións implicaron cada vez máis a participación das familias. | | |
| **Establecer medidas que garantan a coordinación necesaria da totalidade das actividades complementarias e extraescolares do centro.** | - A nosa solicitude para entrar no PLAMBE incluíu un ***proxecto documental integrado*** ao que cada aula aportou unha ou varias actividades sobre un tema común co obxectivo de obter un produto final conxunto que se puidese presentar ao resto dos grupos é ás familias.<br>- As ***actividades relacionadas coas conmemoracións*** foron propostas e temporalizadas nas xuntanzas de principio de trimestre nas que participou todo o profesorado. | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Difundir adecuadamente as actividades** | - A difusión das actividades realizouse mediante a súa publicación na ***Web*** do centro e na ***aula virtual***, da aplicación ***AbalarMóbil*** e tamén a | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **extraescolares e complementarias entre todos os sectores e favorecer, así, a participación.** | través do ***blogue da biblioteca*** onde se lle abriu ás familias nova unha porta para a participación en moitas das actividades propostas desde a biblioteca . | | ☑ Curso 2024-25 |
| **Fomentar a realización de actividades que teñan como finalidade o coñecemento mutuo, a convivencia e a plena integración de todos os alumnos na actividade do centro.** | - A verdade é que non organizamos actividades especificas con esa finalidade xa que o fondo de todas as actividades é ese, colaborar a transmitir ás crianzas o ***sentimento de comunidade*** tan propio do rural onde toda a veciñanza comparte tarefas e vivencias. | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Promover iniciativas que faciliten a** | - O noso centro de adscrición é o ***CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal***. Temos un ***plan de acollida*** para o alumnado e as súas familias que | - Propoñer á dirección do CPI que se organice unha actividade trimestral na que poida participar o noso alumnado de 6ºEP | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **colaboración ou intercambios con outros centros, institucións ou empresas públicas ou privadas.** | implica no mes de xuño unha visita guiada ao centro para o alumnado e xuntanzas informativas para as familias.<br>- Compartimos actividades co **CEIP Mestre Manuel García de Oia**: Intercambio familia-familia con Oiã (Portugal), asistencia a representacións teatrais…<br>- A nivel administrativo temos unha relación de cooperación co ***CRA María Zambrano do Rosal***.<br>- ***Comunidades de montes de Loureza e de Burgueira*** á hora de desenvolver as actividades do programa de educación ambiental agora incluído en ***Escola Verde*** pero que se ven desenvolvendo desde comezos dos anos 80 coas primeiras plantacións de frondosas nos montes comunais por parte do alumnado. | para que vaian tomando contacto cos compañeiros e compañeiras que van ter na ESO máis alá da visita guiada no mes de xuño.<br>- Propoñer ao concello a organización dunha xornada de convivencia deportiva cooperativa na que participen os dous centros do concello.<br>- Ampliar a relacións que temos co CRA e poñer en contacto á persoa titora de infantil coa dirección co obxectivo de realizar algunha actividade en común.<br>- Organizar andainas de convivencia coas familias por algunha das rutas de sendeirismo que están sinalizando as CCMM. | ☐ Curso 2024-25 |

| **ÁMBITO:** | **Dispoñibilidade para atender o alumnado e as súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.** | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Como se ven facendo | Liñas de actuación | Temporalización |
| **Facilitar os medios** | - Organizando unha ***xornada de portas abertas*** no mes de febreiro para que as familias que o | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **necesarios e adecuados para acoller o alumnado e as súas familias nas visitas ao centro educativo, creando un clima positivo de colaboración e participación que tenda á mellora da convivencia.** | desexen poidan traer ás súas crianzas e coñecer o colexio por dentro e o seu funcionamento antes do comezo do prazo de solicitude admisión.<br>- Realizando ***entrevistas individuais***: con cita previa os martes pola tarde e de fin de trimestre o día que se publican os boletíns.<br>- Utilizando a ***mensaxería Abalar*** como forma rápida e práctica de informar, facer consultas ou solicitar entrevistas, impresos…<br>- Presentando o ***correo corporativo*** como forma alternativa á plataforma abalar facendo unha listaxe dos correos electrónicos das familias e facilitándolla ao profesorado titor. | de cada momento. | ☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Promover procedementos que garantan o coñecemento completo dos procesos de ensino-aprendizaxe,** | - Unha vez rematada a avaliación inicial, o profesorado titor reúnese coas familias do seu grupo para ***informalas sobre a súa metodoloxía*** e forma de traballar co alumnado.<br>- Ao final de cada trimestre celébranse ***entrevistas individuais*** onde se lle informa ás familias sobre a evolución da súa crianza, dos seus puntos fortes e tamén dos aspectos a seguir | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **tanto por parte do alumnado coma das súas familias.** | traballando á volta das vacacións.<br>- As ***programacións didácticas*** de cada nivel son publicadas na ***Web*** do centro. | | |
| **Establecer mecanismos para que a acción titorial e a orientación académica responda ás necesidades do alumnado.** | - As ***persoas titoras coordinan o proceso de avaliación*** do alumnado e adoptan decisións acerca da súa promoción, ***detectan e atenden ás dificultades*** de aprendizaxe solicitando a intervención do servizo de orientación se o consideran necesario, orientan e asesoran ao alumnado sobre as súas posibilidades educativas, ***informan ás familias*** de todo aquilo que lles compete en relación coas actividades escolares e o rendemento académico, ***colaboran co servizo de asistencia social*** do concello naqueles casos que o requiran, dan voz aos problemas e inquietudes do seu alumnado nas xuntanzas do profesorado, ***median en situacións de conflito*** e facilitan a cooperación educativa entre profesorado e as familias recollendo as ***aportacións do profesorado especialista*** para dar unha visión o máis | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | completa posible do progreso do alumnado. | | |
| **Responder de modo axeitado aos distintos conflitos que xurdan no centro, tanto a nivel de condutas contrarias ás normas de convivencia coma de circunstancias excepcionais que se producen no normal desenvolvemento da actividade do centro.** | - Na medida do posible procuramos ***abordar os conflitos*** que afectan aos grupos ***dun xeito asembleario*** no sentido de que as condutas que van en contra das normas de convivencia non afectan so ás crianzas *implicadas* nos conflitos, senón de forma directa ou indirecta á toda a comunidade escolar. Aprender a resolver conflitos de forma pacífica é unha aprendizaxe competencial fundamental e nas asembleas todas as persoas aportan e aprenden algo.<br>- Na súa detección e prevención está sendo moi importante ***a colaboración de todas as persoas que teñen contacto diario coas crianzas*** desde o profesorado e as familias ata as acompañantes do autobús escolar coas que o profesorado de garda fala todos os días.<br>- Cada grupo conta cun ***caderno de aula*** onde o profesorado pode tomar nota das incidencias e entrégaas no despacho ***para poder aplicar o procedemento forma***l contemplado no Plan de convivencia de ser necesario. | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| **ÁMBITO:** | **Impulso e posta en marcha de programas e iniciativas de innovación e formación que melloren o funcionamento do centro.** | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Como se ven facendo | Liñas de actuación | Temporalización |
| **Establecer procedementos para a detección das necesidades formativas do profesorado e a resposta axeitada a elas, dentro do seu ámbito de competencia.** | - O centro conta cun ***Plan de Formación Permanente do Profesorado.*** | - Ter entrevistas persoais ao profesorado en setembro para detectar os puntos fortes e débiles da súa formación. Os primeiros para aproveitalos no reparto de responsabilidades inicial e os segundos para incluílos no plan de formación**.** | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Promover proxectos de formación, innovación e experimentación educativa no centro, facilitando os medios** | - O noso ***Plan de Formación Permanente*** xira ao redor de tres liñas de traballo:<br>▪ ***Proxecto Lingüístico de Centro*** (PLC) e Tratamento Integrado das Linguas (TIL).<br>▪ A ***integración didáctica das TIC***: ***EDIXGAL*** para o grupo de 5ºEP e 6ºEP e posta en marcha da ***Aula Virtual.***<br>▪ ***A biblioteca escolar***: ampliar o espazo | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **necesarios para a súa posta en funcionamento, seguimento e avaliación.** | físico e dividilo en diferentes ***espazos interactivos*** ideados para potenciar a autonomía do alumnado, expurgar e recatalogar os fondos bibliográficos no ***Meiga*** seguindo a CDU universal e equilibrar as distintas seccións adquirindo materiais novos, crear un espazo de ***radio escolar*** que empeza a dar os seus primeiros pasos, desenvolver un proxecto documental integrado (***PDI***) común sobre o noso entorno natural e etnográfico próximo… | | |
| **Favorecer a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación, investigación e actividades de formación, promovendo o** | - No noso centro temos profesorado compartido con varios centros:<br>▪ A mestra de AL ten o seu centro base no ***CEIP Mestre Manuel García de Oia*** co que participamos de forma coordinada co intercambio familia-familia ***Misturando crianças*** organizado polo concello de Oia con centros da comunidade escolar de Oiã (Portugal) e temos compartido actos e celebracións | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| | |
|---|---|
| **intercambio de información con outros centros.** | como o Entroido ou a asistencia a obras de teatro para escolares.<br>▪ O orientador ten o seu centro base no ***CRA María Zambrano do Rosal*** co que temos unha relación de colaboración a nivel administrativo pero que a nivel docente aínda está por explorar.<br>▪ A mestra de relixión ten o seu centro base no ***CEIP Pedro Caselles Beltrán de Tomiño*** e dirixe o traballo no ***horto escolar*** dentro programa *Escolar Verde*. A relación que temos co centro é de boa colaboración a nivel administrativo.<br>- O noso centro de adscrición é o ***CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal***. Con eles temos unha boa relación de colaboración a nivel administrativo pero tamén desenvolvemos un plan de acollida para noso alumnado e ás súas familias e celebramos en xuño unha xuntanza para intercambiar información sobre o alumnado que pasa á ESO e dese xeito facilitarlles o máis posible á súa adaptación ao |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | novo entorno. | | |
| **Promover a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e por ao dispor do profesorado os medios correspondentes para o desenvolvemento destas tecnoloxías na actividade docente.** | - Cada docente ten asignado un ***portátil persoal*** para desenvolver o seu traballo,<br>- Creouse un ***recuncho TIC*** con equipos conectados a Internet nas aulas de primaria e na biblioteca.<br>- Conectouse a ***impresora*** multifunción da sala de profesorado ***en rede*** para que se poida imprimir desde calquera dos equipos.<br>- Conectáronse os ***proxectores*** dos encerados dixitais ***en rede*** para que se poidan facer presentacións e proxeccións desde o móbil, as tabletas da biblioteca ou os portátiles.<br>- Temos un ***espazo na nube*** no que compartimos tanto os documentos de xestión como os didácticos.<br>- Todo o profesorado ten ***acceso á aula virtual*** co rol de creador/a de curso para que poidan crear os seu propios EVA.<br>- Creáronse enlaces desde a Aula Virtual ás ***salas Webex persoais*** de cada docente para que o alumnado teña máis fácil o acceso en caso de | - A mellora da conexión a Internet evidenciou que para poder aproveitala en condición urxe renovar os equipos informáticos e mellorar a cobertura wifi nas aulas máis afastadas.<br>- Incluír nas programacións un apartado especifico para a planificación de actividades na aula virtual nas unidades didácticas ou situacións de aprendizaxe. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | ter que asistir a unha vídeoclase.<br>- Durante o confinamento creamos un espazo na aula virtual ao que chamamos ***Biblioteca Virtual Refoxeira "BVR"*** na que propuxemos actividades interactivas para todo o alumnado e as súas familias. | | |
| **Impulsar plans de autoavaliación e mellora ou sistemas de mellora da calidade no centro co fin de conseguir a constante evolución e perfeccionamento das actividades docentes.** | - Celebrando ***unha xuntanza de coordinación semanalmente.*** Nela non so planificamos actividades senón que puxemos en común os puntos fortes e débiles das que se foron realizando para melloralas se se decide repetilas nun futuro.<br>- Presentando ao Claustro as ***memorias trimestrais de cada programa*** no que participamos co fin de que todo o profesorado puidese estar informado do desenvolvemento global e como punto de partida para planificar as actividades do trimestre en curso. | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Incorporar á programación xeral anual as** | - Buscando sempre que a nosa PXA fose un documento o máis ***práctico, aberto e flexible*** posible para que puidese ser facilmente | - Continuar na mesma liña organizativa de forma flexible adaptándoa as necesidades de cada momento. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **propostas de mellora contidas na memoria anual do centro e nas memorias das distintas coordinacións, titorías e especialidades.** | adaptable ás distintas circunstancias que foron saíndo ao camiño durante o curso escolar.<br>- Cada ano é ***revisada e actualizada tendo en conta as experiencias dos cursos anteriores***, eliminando ou modificando aqueles aspectos que “non funcionaron” e engadindo as propostas de mellora ou ampliación que foron aportadas tanto polos membros do Claustro como polos do Consello Escolar. | | ☑ Curso 2024-25 |

| **ÁMBITO:** | **Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo.** | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Como se ven facendo | Liñas de actuación? | Temporalización |
| **Promover o Plan de atención á diversidade: difusión, aplicación, seguimento e avaliación.** | - O Plan de Atención á diversidade é presentado para a súa valoración xunto coa PXA cada comezo de curso aos órganos colexiados e unha vez aprobado é ***publicado na Web do centro***. | - Reservar unha parte das primeiras xuntanzas de curso coas familias para que o orientador llelo presente como primeira toma de contacto co departamento. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Favorecer a detección das necesidades do** | - Seguindo o ***procedemento*** marcado no Plan de Atención á diversidade. | - Solicitar que o orientador teña ***dous días presenciais*** no noso centro para non ter que agardar unha semana para facer as | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **alumnado de forma sistemática e planificada, cos distintos profesionais implicados.** | | valoracións e así axilizar a toma de decisións e dar resposta o máis pronto posible ás necesidades do alumnado e das familias. | ☐ Curso 2024-25 |
| **Impulsar a coordinación entre o profesorado co fin de establecer procesos pedagóxicos homoxéneos compatibles entre si e concordantes co Plan de atención á diversidade.** | - Celebrando ***unha xuntanza mensual de coordinación co profesorado o segundo*** martes de mes pola tarde á que asiste todo o profesorado e **entrevistas persoais** coas persoas titoras durante a mañá que está no centro. | - ***Engadir as intervencións de orientación*** co alumnado á planificación temporal do trimestre para que o profesorado poida anticiparllas ás crianzas. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Establecer o seguimento dos** | - Celebrando unha ***xuntanza semanal de coordinación do departamento*** á que asisten | - Chegar a un acordo cos centros base para que o orientador e a mestra de AL poidan | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **procesos pedagóxicos para garantir a aplicación adecuada de medidas de atención á diversidade.** | orientación, AL e o profesorado que fai apoios. | ***asistir ás xuntanzas de avaliación***. | ☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |
| **Colaborar coa inspección educativa para o control dos horarios dos apoios establecidos e o seguimento e avaliación das medidas. adoptadas.** | - Elaborando e enviando á inspección todos aqueles informes que foron solicitados. | - Seguir solicitando que o noso alumnado conte coa docencia dun/ha mestre/a ***especialista en PT*** e/ou a ***ampliación do horario da mestra de AL*** porque 1 sesión á semana non é suficiente para dar resposta ás súas necesidades. | ☑ Curso 2021-22<br>☐ Curso 2022-23<br>☐ Curso 2023-24<br>☐ Curso 2024-25 |

| **ÁMBITO:** | **Desenvolvemento de actuacións que favorezan a igualdade entre homes e mulleres** | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | Como se ven facendo | Liñas de actuación? | Temporalización |
| **Promover o Plan de igualdade: difusión, aplicación, seguimento e avaliación.** | - Elaborando un primeiro plan de igualdade que se avaliará periodicamente. | - Crear e manter ao día un espazo específico na Web do centro para difundir todas ás actuacións relacionadas co desenvolvemento do Plan de Igualdade. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola e nas familias para promover a súa modificación.** | - Facilitando a utilización igualitaria de espazos dentro e fóra do edificio escolar.<br>- Proporcionando ao alumnado xoguetes e materiais lúdicos non sexistas.<br>- Consolidando unha linguaxe escrita coeducativa tanto nas aulas como no ámbito administrativo.<br>- Fomentando unha linguaxe oral na que se inclúan ambos os sexos e no que non haxa prexuízos sexistas á hora de nomear tarefas domésticas, profesións… e en xeral estereotipos que seguen inmersos na linguaxe cotiá. | - Introducir nas aulas conceptos relativos a: igualdade de oportunidades e de salario, reparto equitativo de tarefas no fogar, conciliación da vida familiar, persoal e laboral.<br>- Seguir realizando actividades especificas e non so en datas sinaladas como o 25N ou o 8M.<br>- Programar actividades deportivas nas que participen equipos mixtos.<br>- Convidar a mulleres do entorno próximo do alumnado a falar sobre as súas experiencias vitais. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Revisar e actualizar os fondos da biblioteca e os libros de texto desde unha perspectiva de xénero** | - Revisando e empezando a actualizar os fondos da biblioteca en materia de coeducación.<br>- Corrixindo no posible os déficits que existe nos libros de texto e materiais curriculares.<br>- Dando a coñecer ao alumnado aquelas figuras femininas importantes do seu ámbito que quedaron historicamente fóra dos plans de estudo | - Analizar os materiais que se merquen desde unha perspectiva de xénero.<br>- Producir materiais propios coa colaboración do alumnado e das familias. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |
| **Previr a violencia desde as idades máis temperás.** | - Fomentando a resolución de conflitos de forma non violenta.<br>- Educando na empatía, no respecto cara as demais persoas e no concepto do ben común. | - Continuar utilizando as asembleas de aula como escenario para a resolución de conflitos introducindo a figura da persoa mediadora en substitución do profesorado. | ☑ Curso 2021-22<br>☑ Curso 2022-23<br>☑ Curso 2023-24<br>☑ Curso 2024-25 |

## INDICADORES DE AVALIACIÓN

| ÁMBITO: Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e impulso da participación neles dos diversos colectivos da comunidade educativa. | |
|---|---|
| **INDICADOR** | CONSEGUIUSE ? |
| Publicar as convocatorias de Claustro e Consello na Web | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Enviar as convocatorias con máis antelación. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Temporalizar as xuntanzas obrigatorias en setembro. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

| ÁMBITO: Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais | |
|---|---|
| **INDICADOR** | CONSEGUIUSE ? |
| Convocar unha xuntanza coa ANPA ao comezo de cada trimestre. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Impartir a materia de matemáticas como se fose "unha especialidade" e introducir unha sesión de aprendizaxe do xadrez á semana. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Elaborar e desenvolver un plan especifico para traballar as tres linguas obxecto de estudo de forma integrada. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Elaborar e desenvolver un protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

| ÁMBITO: Organización de actividades extraescolares que favorezan a apertura do centro conectando este co seu contorno. | |
|---|---|
| **INDICADOR** | CONSEGUIUSE ? |
| Organizar actividades coordinadas co CPI Manuel Suárez Marquier. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Organizar actividades coordinadas co CRA María Zambrano. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Organizar unha xornada deportiva co CEIP Mestre Manuel García. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Organizar actividades de convivencia coas familias. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Abrir a biblioteca escolar ao publico todas as tardes. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

| ÁMBITO: Dispoñibilidade para atender o alumnado e as súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas. | |
|---|---|
| **INDICADOR** | CONSEGUIUSE ? |
| Convocar unha xuntanza coas familias o primeiro martes de outubro. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Manter entrevistas individuais ao final de cada trimestre. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Organizar unha xornada de portas abertas en febreiro. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

| | |
|---|---|
| Utilizar a Web e a aplicación abalar como principal medio de comunicación. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

| ÁMBITO: Impulso e posta en marcha de programas e iniciativas de innovación e formación que melloren o funcionamento do centro. | |
|---|---|
| **INDICADOR** | CONSEGUIUSE ? |
| Ter entrevistas persoais co profesorado novo en setembro en torno a ese tema. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Manter actualizado o plan de formación do profesorado. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

| ÁMBITO: Dinamización da atención á diversidade do alumnado con NEAE. | |
|---|---|
| **INDICADOR** | CONSEGUIUSE ? |
| Participación do orientador na primeira xuntanza coas familias. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Temporalizar con antelación as intervencións do orientador. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Presenza do orientador no centro dúas mañás á semana. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Ampliación do horario de AL. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

| ÁMBITO: Desenvolvemento de actuacións que favorezan a igualdade entre homes e mulleres | |
|---|---|
| **INDICADOR** | CONSEGUIUSE ? |
| Crear un espazo especifico na Web. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Programar actividades deportivas nas que participen equipos mixtos. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Convidar a mulleres do entorno próximo a falar ao alumnado sobre as súas experiencias vitais. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Analizar o material que se lle ofrece ao alumnado desde unha perspectiva de xénero. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Introducir a figura do/a mediador/a nas asembleas de resolución de conflitos. | ☐Sí ☐En parte ☐Non |
| Producir materiais propios que xiren entre outros ao redor de conceptos como igualdade de oportunidades e salario, reparto equitativo das tarefas do fogar, conciliación da vida persoal, familiar e laboral… | ☐Sí ☐En parte ☐Non |

## FORMACIÓN REALIZADA

| Nome | Organismo | Data inicio | Data fin | Data certif. |
|---|---|---|---|---|
| Actualización para o desenvolvemento da función directiva | CAFI | 21/11/2019 | 25/03/2020 | 08/04/2020 |
| Xestión e organización dos centros educativos | CFR de Pontevedra | 03/04/2019 | 09/05/2019 | 13/05/2019 |
| Encontro Bibliotecas Escolares de Galicia 2020 na rede | CAFI | 19/11/2020 | 21/11/2020 | 20/01/2021 |
| STEM para mentes inquietas no ensino mixto | CFR de Vigo | 11/11/2020 | 09/12/2020 | 10/12/2020 |
| Webs dinámicas: Moodle (Administración) | CAFI | 06/10/2020 | 20/11/2020 | 30/11/2020 |
| Formación equipos COVID-19 | CFR de Vigo | 04/09/2020 | 08/10/2020 | 23/11/2020 |
| Mediación lectora e Libro Infantil e Xuvenil Galego | CAFI | 29/10/2020 | 10/11/2020 | 18/11/2020 |
| O coidado do benestar emocional da comunidade educativa | CAFI | 08/09/2020 | 10/09/2020 | 30/09/2020 |
| Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes | CFR de Vigo | 11/05/2020 | 26/05/2020 | 05/06/2020 |
| Igualdade, Convivencia e Inclusión. | Consellería | 10/01/2020 | 14/02/2020 | 13/04/2020 |

## CONCLUSIÓN

O documento que presento é unha declaracións de intencións partindo da miña experiencia de doce anos exercendo o cargo da dirección.

É precisamente esa experiencia a que me fai consciente de que algunhas das liñas de actuación que expoño van ter que ser modificadas e adaptadas en función da evolución da pandemia, tal e como vimos facendo desde que empezou, procurando dentro das precaucións de seguridade sanitaria ofrecerlle ao alumnado un ambiente de relación e traballo o máis normalizado posible.

Firmado por ABUIN CAROU NURIA - 35323263R el día 24/05/2021 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios